

## **Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións para a realización de actuacións nos anos 2025 e 2026**

### **1. Antecedentes**

Por resolución da Presidencia de Augas de Galicia do 30.09.1997 aprobouse o prego de bases do concurso da concesión para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis, conforme ao cal e ao abeiro do establecido no artigo 132 do Regulamento do dominio público hidráulico aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, se convocou o concurso para a explotación do referido aproveitamento hidroeléctrico.

Neste concurso incluíase o preceptivo prego de bases ao que se suxeitaba a concesión do aproveitamento. A cláusula 4ª g) parágrafo segundo, do prego de bases dispoñía que:

*Aos mesmos efectos do canon anual ofertado, Augas de Galicia destinará a partir da data do comezo do devengo indicada no apartado e), unha cantidade máxima anual de sesenta millóns de pesetas ou ben o total anual do canon, si este fora de importe inferior, para obras e actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social a realizar nos concellos de Cuntis, Caldas de Reis e Moraña. A materialización das mesmas levarase acabo a través da deputación de Pontevedra mediante un convenio.*

Logo de iniciar a explotación do aproveitamento polo concesionario que resultou adxudicatario do concurso, fíxose preciso dar cumprimento ao establecido no prego de bases mediante a sinatura dun convenio de colaboración.

O 13.11.2002 asinouse o convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, co obxecto de establecer o sistema de tramitación e xestión das subvencións previstas no prego de bases á que se suxeita a concesión administrativa para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis.

O 22.04.2010 a Presidencia de Augas de Galicia asinou a resolución pola que se modificaba o prego de bases da concesión, e dispoñía que a cláusula 4ª g) parágrafo segundo, quedara redactada do seguinte xeito:



*Aos mesmos efectos do canon anual ofertado, Augas de Galicia destinará a partir da data do comezo do devengo indicada no apartado e), unha cantidade máxima anual de sesenta millóns de pesetas- ou ben o total anual do canon, si este fora de importe inferior- para obras e actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social a realizar nos concellos de Cuntis, Caldas de Reis e Moraña, esta cantidade revisarase anualmente en función do IPC. A materialización das mesmas se levará a cabo a través da Deputación de Pontevedra mediante un convenio.*

No ano 2010 procedeuse a adaptar a xestión destes fondos á nova redacción do prego de bases. Asemade, para unha máis eficaz xestión e celeridade do procedemento de transferencia, procedeuse a realizar algúns cambios que motivaron a elaboración dun novo convenio. Polo que o 22.11.2020 asinouse un novo convenio de colaboración tendo en conta o carácter das administracións públicas que interveñen e o obxecto do convenio, no que os tres concellos asumirán a condición de beneficiarios da subvención outorgada pola Comunidade Autónoma e a Deputación Provincial de Pontevedra asumirá a condición de entidade colaboradora na xestión e tramitación desta subvención, incluída a entrega dos fondos públicos aos beneficiarios, de conformidade co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O citado convenio tivo vixencia ata o 31.12.2010, tramitándose con posterioridade convenios anuais.

A Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española e o Real decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a antedita lei, establecen que as fórmulas de actualización de prezos referidas as variacións de índices xerais, tales como o Índice de Prezos ao Consumo, deberán substituírse por valor cero.

## **2. Obxectivos que se pretenden**

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas que rexerán a colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, co fin de dar cumprimento ao establecido na cláusula 4ª apartado g) do parágrafo segundo do prego de bases á que se suxeita a concesión administrativa para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis.



### **3. Necesidade da colaboración e xustificación da non concorrencia**

A colaboración xustifícase na necesidade de dar cumprimento á cláusula 4ª apartado g) do parágrafo segundo do prego de bases á que se suxeita a concesión administrativa para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis.

Neste sentido, o artigo 187 da Lei 5/1997, do 22 xullo, Administración local de Galicia dispón que as administración públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia na xestión administrativa.

O artigo 195.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, establece que a colaboración e a cooperación poderá realizarse, entre outras, mediante a axuda financeira, que se levará a cabo mediante subvencións eventuais ou continuas que se concederán aténdose a criterios determinados e a condicións para a súa utilización e emprego e para executar obras ou prestar servicios locais ou mediante a subscripción de convenios.

Así mesmo, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais e a Comunidade Autónoma de Galicia para acadar os obxectivos das políticas de abastecemento e de saneamento e depuración. A natureza da colaboración pode ser técnica ou financeira e articularase a través de diversos mecanismos como pode ser a regulación ou o outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia.

O convenio de colaboración a formalizar cos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña ten como obxectivo desenvolver o réxime da subvención prevista no prego de bases da concesión, de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa das subvencións previstas no convenio. O que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia.

### **4. Razóns de oportunidade**

#### **4.1. O Plan estratéxico de Galicia**



Con respecto a concesión de subvencións, Augas de Galicia está suxeita ao Plan estratéxico de Galicia aprobado polo Parlamento de Galicia o 13.09.2022.

O Plan estratéxico de Galicia é un instrumento de planificación da actuación da Xunta de Galicia no que se definen as prioridades de actuación, os obxectivos estratéxicos e operativos e os indicadores que permiten valorar a consecución destes obxectivos pola administración autonómica.

No marco do referido plan e no ámbito das súas competencias, Augas de Galicia ten fixados os seguintes obxectivos estratéxicos:

- Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e a explotación dos sistemas, fomentando a comunicación e cooperación entre as administracións implicadas e impulsando a innovación e investigación nos procesos de tratamento e do ciclo urbano e natural da auga. Fomento da circularidade do ciclo urbano da auga.
- Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento para garantir aos cidadáns un acceso ao servizo básico de abastecemento, diminuindo as diferenzas territoriais existentes. Mellorar as infraestruturas implicadas en todo o proceso de extracción e distribución, evitando fugas e despilfarros innecesarios, potenciando a eficiencia dos sistemas. Conseguir unha estrutura tarifaria que respecte o principio de recuperación de custes da Directiva Marco da Auga.
- Garantir a protección do Dominio Público Hidráulico e xestión integral do medio hídrico. Mellorar a calidade das augas no seu medio natural reducindo a contaminación, eliminando vertidos e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo a porcentaxe de augas residuais sen tratar. Aumentar a eficiencia no uso dos recursos hídricos en todos os sectores e fomentar a redución dos consumos. Reducir a vulnerabilidade do medio natural e das instalacións fronte aos riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como secas e enchentes.

As actuacións recollidas no convenio a asinar en cumprimento do previsto no prego de bases deben ter encaixe neste marco de actuación.

#### 4.2. A cultura da auga

A auga é un ben de primeira necesidade e esencial para o benestar tanto da poboación como para calquer sector da actividade económica, ademáis dun dos sinais de identidade cultural e natural de Galicia.



Neste sentido, o informe mundial das Nacións Unidas sobre o desenvolvemento dos recursos hídricos, do ano 2021, recolle que a cultura inflúe directamente na forma en como percibimos, derivamos e usamos os valores da auga e que moitos dos valores culturais relacionados coa auga poden ser avaliados e expresados se se lles considera como servizos culturais ecosistémicos e algúns autores suxeriron que, para axudar á súa análise e avaliación, estes servizos culturais poden clasificarse segundo:

- Espazos ambientais: os lugares, as localidades, as paisaxes terrestres e mariñas onde as persoas interactúan entre si e co medio ambiente natural;
- Prácticas culturais: interaccións expresivas, simbólicas e interpretativas entre as persoas e o medio ambiente natural;
- Beneficios culturais: dimensións do benestar humano que poden asociarse coas interaccións entre as persoas e o medio ambiente natural; e
- Bens culturais: as interaccións entre os valores, os servizos e beneficios, potencialmente favorables a transaccións de mercado, que crean bens culturais que poden ser intercambiados, ás veces, pero non sempre, en termos monetarios.

Isto pode axudarnos a entender os servizos ecosistémicos culturais e como contribúen ao conxunto máis amplo de valores culturais.

As actuacións recollidas no convenio a asinar en cumprimento do previsto no prego de bases para actuacións de carácter cultural deben ter encaixe neste marco da cultura da auga.

#### 4.3. A asistencia social

O artigo 2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia entende por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos expresados na propia lei.

Neste contexto deben entenderse as actuacións con carácter asistencial previstas neste convenio, que deben incluír todas aquelas que melloren a calidade de vida e non quedar limitadas ás propias sistema galego de servizos sociais.

Tendo en conta a importancia da auga a nivel asistencial, é necesario incluír no ámbito do convenio determinadas actuacións que afectan ao ciclo integral da auga e que teñen como



finalidade mellorar a cantidade e a calidade da auga contribuíndo así a unha mellora da calidade de vida nestes concellos.

#### 4.4. Conclusións

Ao abeiro dos convenios asinados véñense subvencionando actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social nos termos municipais Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, se ben tendo en conta as razóns de oportunidade expostas, as partes consideran adecuado continuar subvencionando actuacións de carácter educativo, como por exemplo o programa de formación de adultos pero tamén incorporar novas actuacións de carácter educativo, como poden ser o fomento de actividades deportivas; limitar a subvención de determinadas actuacións de carácter cultural, como por exemplo as festas do entroido, pero incorporar novas actuacións relacionadas coa cultura da auga como poden ser aquelas actuacións destinadas a mellorar sendas fluviais; e, finalmente, manter actuacións de asistencia social como pode ser axuda no fogar pero tamén incorporar actuacións que teñan por obxecto mellorar a xestión do ciclo da auga.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, de acordo co establecido no artigo 6 da propia lei.

### 5. Estimación de custos e financiamento

Augas de Galicia en cumprimento do prescrito no prego de bases da concesión, destinará unha cantidade máxima de 785.071,56 € para o financiamento das actuacións a realizar nos anos 2025 e 2026 nos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña.

Augas de Galicia financiará a súa chega con cargo á conta 6516 "Subvencións correntes a corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

O importe destinado ao financiamento das actuacións distribuirase nas anualidades 2025 e 2026 do seguinte xeito:



CONCELLO	ANUALIDADE 2025	ANUALIDADE 2026	TOTAL
Caldas de Reis	130.845,26	130.845,26	261.690,52
Cuntis	130.845,26	130.845,26	261.690,52
Moraña	130.845,26	130.845,26	261.690,52
<b>TOTAL</b>	<b>392.535,78</b>	<b>392.535,78</b>	<b>785.071,56</b>

Augas de Galicia financiará as actuacións ata o máximo do importe que consta para as anualidades 2025 e 2026.

Poderanse financiar con cargo a anualidade 2025 as actuacións realizadas polos concellos dende o 1 de xaneiro de 2025 e ata o 30 de novembro de 2025.

As actuacións realizadas polos concellos no mes de decembro de 2025 poderán xustificarse con cargo á anualidade 2026.

Poderán financiarse con cargo a anualidade 2026 as actuacións realizadas polos concellos dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 30 de novembro de 2026.

## 6. Vinculación co Plan estratéxico de Galicia

As actuacións son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 10 de marzo de 2022, ao que se vinculan da seguinte forma:

1. Eixo: 2. Galicia verde e sostible.
2. Prioridade actuación: PA.2.4- Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.
3. Obxectivos estratéxicos:
  - OE.2.4.1 Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e a explotación dos sistemas, fomentando a comunicación e cooperación entre as administracións implicadas e impulsando a innovación e investigación nos procesos de tratamento e do ciclo urbano e natural da auga. Fomento da circularidade do ciclo urbano da auga.



- OE 2.4.2- Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento para garantir aos cidadáns un acceso ao servizo básico de abastecemento, diminuindo as diferenzas territoriais existentes. Mellorar as infraestruturas implicadas en todo o proceso de extracción e distribución, evitando fugas e despilfarros innecesarios, potenciando a eficiencia dos sistemas. Consegui- unha estrutura tarifaria que respecte o principio de recuperación de custes da Directiva Marco da Auga.
- OE 2.4.3 Garantir a protección do Dominio Público Hidráulico e xestión integral do medio hídrico. Mellorar a calidade das augas no seu medio natural reducindo a contaminación, eliminando vertidos e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo a porcentaxe de augas residuais sen tratar. Aumentar a eficiencia no uso dos recursos hídricos en todos os sectores e fomentar a redución dos consumos. Reducir a vulnerabilidade do medio natural e das instalacións fronte aos riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como secas e enchentes.

#### 4. Obxectivos operativos:

- OO02-Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración dos cidadáns de Galicia, diminuindo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia e eficiencia na execución dos investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas.
- OO02-Identificar e priorizar as actuacións necesarias en materia de abastecemento autónomo nos municipios galegos.
- OO02-Garantir a protección e mantemento do Dominio Público Hidráulico da demarcación hidrográfica Galicia Costa.

#### 5. Indicadores:

- P00440/Grao de execución (%)
- P00153/Actuacións de abastecemento e saneamento e depuración
- P00437:/Actuacións de colaboración para mellora da xestión do ciclo integral da auga.

#### 6. Unidades de medición: 1

### 7. Territorialización do gasto

Concellos: Caldas de Reis, Cuntis e Moraña.



## 8. Contribución aos ODS

DENOMINACIÓN	OBXECTO ESPECÍFICO	DENOMINACIÓN OBXECTIVO ESPECÍFICO
ODS 6 Auga limpa e saneamento	6.3 6.4 6.6	<p>De aquí a 2030, mellorar a calidade da auga reducindo a contaminación, eliminando o vertimientto e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo á metade a porcentaxe de augas residuais sen tratar e aumentando considerablemente a reciclaxe e a reutilización sen risco a nivel mundial.</p> <p>De aquí a 2030, aumentar considerablemente o uso eficiente dos recursos hídricos en todos os sectores e asegurar a sustentabilidade da extracción e o abastecemento de auga doce para facer fronte á escaseza de auga e reducir considerablemente o número de persoas que sofren falta de auga.</p> <p>De aquí a 2020, protexer e restablecer os ecosistemas relacionados coa auga, incluídos os bosques, as montañas, os humidais, os ríos, os acuíferos e os lagos.</p>

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director de Augas de Galicia

Roi Fernández Añón

